

## **MANIFESTO DA CAMPAÑA PANOS BRANCOS CONTRA A DROGA DÍA INTERNACIONAL CONTRA O USO INDEBIDO E O TRÁFICO ILÍCITO DE DROGAS 2018**

O 26 de xuño celebramos o Día Internacional contra o consumo indebido e o tráfico ilícito de drogas instaurado pola ONU, apoiados pola sociedade, institucións e concellos de Galicia, chamados a participar a través da Federación Galega de Municipios e Provincias -FEGAMP-.

En Galicia conmemoramos este día co símbolo das bandeiras brancas como aposta por unha vida saudable, unha vida limpa que enriquece ás personas, fronte ó escuro mundo das adiccións e o tráfico de drogas. Nesta data temos un recordo especial para todas as persoas que perderon ou arruinaron as súas vidas por mor da adición ás drogas. Para as vítimas e as súas familias, para os que loitan por reconstruír as súas vidas.

Que nesta sociedade temos un problema moi grave coas drogas é máis que evidente. E compre asumilo; porque recoñecer un problema é o primeiro paso para solucionalo. Un problema grave que atopamos oculto tras outros coma o paro, a crise, a corrupción... que as veces non nos deixan ver o enorme potencial destructor que as drogas e o narcotráfico supoñen para o benestar e a seguridade de todos.

Polo que respecta as adiccións, vivimos malos tempos por mor da denominada banalización do consumo: en moitos ámbitos asúmese como normal -e ata necesaria- a inxesta de alcohol e outras drogas coma sinónimo de diversión. Nada máis lonxe da realidade. O culto ó alcohol está moi presente na nosa sociedade, ao que súmanse en moitas ocasións o consumo de cannabis, cocaína, heroína e outras sustancias. Un cóctel mortal, con graves danos para a saúde das persoas e implicación directa en moitos ámbitos como en accidentes de tráfico, violencia de xénero, abusos sexuais e incluso fracaso escolar.

A solución pasa necesariamente pola sensibilización da sociedade e polo traballo de todos, unha responsabilidade compartida entre gobernos e cidadadáns. Con políticas decididas de Prevención e Educación. Traballar na escola, pero tamén na casa, na familia e na comunidade. Porque temos millóns de razóns para dicir non ás drogas e a obriga de empoderar aos nosos fillos para que poidan rexeitar con éxito esta grave ameaza.

E desde o eido do Narcotráfico, neste tempo que vivimos a loita antidroga constitúe un problema especialmente delicado en comunidades como a nosa, porque desgraciadamente en Galicia seguen a confluír os problemas de adicción as drogas xunto coa existencia de importantes redes criminais adicadas ó narcotráfico.

Neste contexto, o rexeitamento social é un factor de suma importancia e no que Galicia -co esforzo de todos e o sufrimento de moitos- comenza a ser un referente a nivel nacional. Nesta terra sabemos dende fai moito tempo que os narcotraficantes non son heroes, nin filántropos. Son traficantes de veneno, delinquentes que comercian coa morte e o sufrimento de milleiros de persoas e as súas familias.

No actual escenario de sobreproducción mundial, traficantes de medio mundo -novos e vellos- seguen tendo a Galicia como un dos destinos favoritos para a entrada de toneladas de droga hacia Europa. Ollamos con máxima preocupación a reiteración no delito de moitos deles, criminais multirreincidentes, que unha e outra vez entran e saen do cárcere aproveitando facilidades legais para seguir traficando con drogas. Un grave perigo para a nosa seguridade que non debemos nin podemos permitir.

Crime organizado, axustes de contas, branqueo de capitais, corrupción, mafias internacionais, terrorismo, morte, destrucción, sufrimento... asentanse alí donde prospera o narcotráfico. Combatir esta ameaza debe ter a máxima prioridade para todos, sociedade e gobernos.

Por todo iso, dicimos unha vez máis -alto e claro- que en Galicia non queremos drogas nin narcotraficantes.

Vilanova de Arousa, 26 de xuño de 2018

Día Internacional contra o Uso Indebido e o Tráfico Ilícito de Drogas